



XUNTA DE GALICIA



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICA E XUSTIZA E O CONSELLO GALEGO DOS PROCURADORES DOS TRIBUNAIS PARA O FUNCIONAMENTO DO SERVIZO DE RECEPCIÓN E TRASLADO DE COPIAS E NOTIFICACIÓN REALIZADAS POLOS PROCURADORES QUE ATENDEN A QUENDA DE OFICIO

Santiago de Compostela, 23 de xuño de 2020

REUNIDOS

Dunha banda, **D. Alfonso Rueda Valenzuela**, vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, actuando en nome e representación da Xunta de Galicia, en virtude do Decreto 148/2016, do 13 de novembro, polo que se nomean os titulares dos departamentos da Xunta de Galicia, no exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa presidencia.

Doutra banda, **D. Fernando González-Concheiro Álvarez**, presidente do Consello Galego dos Procuradores dos Tribunais, actuando no seu nome e representación, de acordo co artigo 2.1, dos estatutos do Consello Galego dos Procuradores dos Tribunais, aprobados polo Decreto 248/2000, do 29 de setembro, polo que se aproba a creación do Consello Galego de Procuradores.

EXPOÑEN

Primeiro.- O artigo 24 da nosa Constitución garántelles a todas as persoas o dereito fundamental a obter a tutela efectiva dos xuíces e tribunais no exercicio dos seus dereitos e intereses lexítimos, así como á defensa e asistencia de letrado e a representación xurídica de procurador. Este dereito fundamental complementase co disposto no artigo 119 da carta magna, onde se establece que *a xustiza será gratuíta cando así o dispoña a lei, e, en todo caso, respecto de quen acredite insuficiencia de recursos para litigar*. En observancia deste básico dereito fundamental, no noso ordenamento xurídico existe regulamentado un sistema de compensación económica, a cargo dos poderes públicos, pola asistencia e representación xurídicas.

Segundo.- O Estatuto de Autonomía de Galicia, aprobado por Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, establece no seu artigo 20.1 que en relación coa Administración de xustiza correspóndelle á Comunidade Autónoma exercer todas as facultades que as leis orgánicas do poder xudicial e do



Consello Xeral do Poder Xudicial recoñecen ou atribúen ao Goberno do Estado. Nesta cláusula estatutaria atópase a orixe do traspaso á Comunidade Autónoma de Galicia das funcións que desempeñaba a Administración do Estado en materia de provisión de medios materiais e económicos para o funcionamento da Administración de xustiza.

Terceiro.- A Lei 1/1996, do 10 de xaneiro, regula o dereito asistencia xurídica gratuíta, e establece no seu artigo 6 que dito dereito, ademais do asesoramento e orientación previos ao proceso xudicial e a asistencia ao detido e a defensa no procedemento xudicial por avogado tamén inclúe a representación gratuíta por procurador, cando a intervención destes profesionais sexa legalmente preceptiva ou sexa requirida ou acordada polo xulgado ou tribunal.

Ademais, polo Real decreto 2166/1994, do 4 de novembro, transferíronselle á Comunidade autónoma de Galicia as funcións en materia de provisión de medios materiais e económicos para o funcionamento da Administración de xustiza, incluíndo no seu anexo letra B) núm. 1 c) as relativas á indemnización das actuacións correspondentes á representación por procurador en quenda de oficio ante os órganos xudiciais con sede en Galicia. Estas funcións foron asumidas polo Decreto 394/1994, do 29 de decembro, e asignadas á Consellería de Xustiza, Interior e Administración Local, actualmente atribuídas á Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

Cuarto.- Que é desexo da Xunta de Galicia contribuír ao mellor funcionamento do servizo de recepción e traslado de copias e notificacións para os beneficiarios da asistencia xurídica gratuíta, cuxa execución lle corresponde aos membros da procuradoría, no marco do recoñecemento deste dereito pola mencionada Lei 1/1996, do 10 de xaneiro, de asistencia xurídica gratuíta, concretamente nos artigos 6 e 22 da referida norma, e mais o Decreto 269/2008, do 6 de novembro, polo que se aprobou o Regulamento de Asistencia Xurídica Gratuíta de Galicia, coa previsión que a norma regulamentaria recolle nos seus artigos 27 e 45; todo isto co obxecto de procurarlle o acceso á xustiza a aqueles cidadáns que doutro xeito poderían ver diminuídos os seus dereitos por motivos económicos.

Quinto.- Que é vontade do Consello Galego dos Procuradores dos Tribunais a procura do axeitado funcionamento do devandito servizo de recepción e traslado de copias e notificacións que realizan os membros da procuradoría que atenden a quenda de oficio, actuando como entidade colaboradora coa Administración competente en materia de xustiza e cumprindo, deste xeito, o contido que as normas legais citadas sinalan en canto a organización e funcionamento de dito servizo e da quenda de oficio.

Sexto.- As excepciónais circunstancias que está a vivir a sociedade na actualidade motivada pola pandemia do coronavirus COVID-19 que, ademais de orixinar unha crise sanitaria sen precedentes no noso país, están a provocar unhas graves consecuencias sociais e económicas que requiren a adopción urxente de medidas, tamén excepciónais, que palien en certa medida o impacto social e económico causado por esta crise sanitaria.



Sétimo.- No ámbito específico da asistencia xurídica gratuíta, cómpre que a Comunidade Autónoma de Galicia, que posúe as competencias relativas á compensación económica que lles corresponden aos procuradores que atenden a quenda de oficio, poña en marcha unha política de apoio a estes profesionais que contribúa ao mantemento e sustentabilidade da actividade de servizo público básico e esencial, cuxa prestación viuse seriamente afectada como consecuencia da paralización casi total da actividade xudicial durante o Estado de Alarma declarado o 14 de marzo de 2020.

Oitavo.- A mellor maneira que ten a Comunidade Autónoma de Galicia para por en marcha esta política de apoio ao servizo fundamental que é a recepción e traslado de copias e notificacións no ámbito da quenda de oficio, é a colaboración co Consello Galego dos Procuradores dos Tribunais , co apoio dos seis colexios de procuradores de Galicia integrantes do mesmo.

Noveno.- As administracións públicas poden celebrar convenios de colaboración con outras entidades públicas, así como con persoas xurídicas suxeitas ao dereito privado, ao amparo do disposto no artigo 6.2 da Lei de Contratos “Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014”, na Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico das administracións públicas, na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e do disposto no Acordo do Consello da Xunta do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares, feito público por resolución da Consellería de Economía e Facenda do 8 de abril de 1991.

Décimo.- De acordo co artigo 7.3 da Lei 11/2001, do 18 de setembro, de colexios profesionais da Comunidade Autónoma de Galicia, a Xunta de Galicia poderá celebrar convenios de colaboración cos colexios profesionais para a realización de actividades de interese común e para a promoción de actuacións orientadas á defensa do interese público e, en especial, dos usuarios dos servizos profesionais dos colexiados.

Por todo o exposto, as partes acordan asinar o presente convenio de colaboración en base ás seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- obxecto do convenio

Este convenio ten por obxecto a cooperación entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e o Consello Galego dos Procuradores dos Tribunais para o



sostemento económico do servizo de recepción e traslado de copias e notificacións que prestan os membros da procuradoría en Galicia, no marco da Lei 1/1996, de asistencia xurídica gratuíta, e o Decreto da Xunta de Galicia 269/2008, do 6 de novembro, polo que se aproba o seu regulamento.

SEGUNDA.- Compromisos

O Consello Galego dos Procuradores dos Tribunais, órgano representativo dos colexios de procuradores da nosa Comunidade autónoma, actuará como entidade colaboradora, de acordo co previsto no artigo 9 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, para distribuír a correspondente subvención entre os seis colexios que o integran, en función do número de colexiados que atenden a quenda de oficio en cada un deses colexios profesionais.

Os colexios de procuradores de Galicia empregarán estes fondos para o financiamento do servizo de recepción e traslado de copias e notificacións correspondentes á quenda de oficio.

Os Colexios de Procuradores xustificarán ante o Consello, o emprego dos fondos que lle foron asignados e, unha vez realizada a actividade obxecto deste convenio, e xustificando o emprego dos fondos, o Consello Galego dos Procuradores dos Tribunais deberá acreditar ante a Dirección Xeral de Xustiza a entrega dos fondos e o seu uso, e no suposto de existir remanentes de fondos non distribuídos, deberán ser devoltos antes do 15 de decembro de 2020 (art.13.2.i) da lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Non se esixe as medidas de garantía que prevé o apartado 2.d) do artigo 13 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia, por non consideralo necesario dada a natureza do Consello Galego dos Procuradores, que queda obrigado a someterse as actuacións de comprobacións e control previstas no artigo 12 desa Lei.

TERCEIRO.- Créditos orzamentarios e contías derivados do convenio.

O presente convenio financiarase con cargo aos orzamentos de gastos da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza para o ano 2020, con cargo á aplicación orzamentaria 05.22.131A.481.2 "Asistencia Xurídica Gratuíta. A Colexios de Procuradores".

A compensación prevista no presente convenio poderá financiar total ou parcialmente os gastos derivados do funcionamento do servizo de recepción e traslado de copias e notificacións obxecto deste convenio, a través do Consello Galego dos Procuradores dos Tribunais, que terá a consideración de entidade colaboradora, cunha cantidade máxima de **CENTO CORENTA E NOVE MIL EUROS (149.000,00 €)**, que será librada ao devandito consello, no momento da firma do convenio e que non se integrará no seu patrimonio.

A cantidade obxecto desde convenio será transferida a unha conta bancaria destinada unicamente á xestión dos fondos públicos destinados á xestión da xustiza gratuíta, que levará por título "Gastos de



organización e funcionamento do servizo de representación gratuíta”. Os eventuais intereses xerados serán destinados á xestión do obxecto deste convenio e a súa transferencia ou aplicación requirirá un acto expreso que se incorporará ao expediente.

O Consello Galego dos Procuradores dos Tribunais transferirá aos colexios de procuradores as cantidades que lles correspondan no prazo máximo dun mes desde a súa recepción. Unha vez verificado, remitirá á Dirección Xeral certificación asinada electronicamente pola Secretaria-Tesoureira, xunto con copia das comunicacións bancarias, co que se entenderá acreditado o pagamento.

O Consello Galego dos Procuradores dos Tribunais levará, de acordo coa normativa que lle é de aplicación, a contabilidade das cantidades recibidas, pagadas e xustificadas, mediante un libro ou rexistro electrónico, de forma separada, e como anexos os criterios de reparto e copia dos documentos contables remitidos polos colexios para a xustificación dos pagamentos. O arquivo e os documentos estarán en todo momento a dispor da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza en forma electrónica.

O Consello Galego dos Procuradores dos Tribunais procederá ao reintegro ao Tesouro Público de Galicia dos fondos transferidos pola Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza no caso de incumprimento dos requisitos e obrigas establecidas para a concesión da subvención e, en todo caso, nos supostos regulados no artigo 33 da lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

O Consello Galego dos Procuradores dos Tribunais acreditará a realización das actividades financiadas estendendo certificación do cumprimento da finalidade para a que foi concedida a axuda, na que se detalle os gastos mediante os documentos acreditativos sinalado na cláusula segunda

Con anterioridade ao libramento dos fondos, e segundo establece o artigo 11 da Lei de subvencións de Galicia, o Consello Galego dos Procuradores dos Tribunais presentará unha declaración do conxunto de axudas solicitadas –tanto das aprobadas ou concedidas coma das pendentes de resolución– para un mesmo proxecto das distintas administracións públicas competentes ou das súas entidades vinculadas ou dependentes. Á vista desta documentación, o órgano competente da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza expedirá certificación acreditativa do cumprimento dos fins obxecto do convenio.

En todo caso, a cantidade máxima que se obriga a achegar a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza reducirase na mesma proporción que represente a cantidade xustificada respecto do orzamento total. Procederá o reintegro parcial ou total da subvención nos casos previstos polo artigo 33 da Lei de subvencións de Galicia antes citada.

CUARTA.- Capacidade

Previamente á formalización do presente convenio, o Consello Galego dos Procuradores dos



Tribunais presentou ante a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza a declaración responsable de non estar incurso en ningunha das prohibicións para a obtención de subvencións contempladas no artigo 10.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, xeral de subvencións e que poidan impedir a subscripción do presente convenio.

QUINTA.- Prazos e forma de abono e de xustificación.

A xustificación dos gastos realizarase a través de conta xustificativa nos termos establecidos na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, mediante a presentación da seguinte documentación:

- Memoria de actuación, subscrita polo órgano competente da entidade, xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e da consecución dos obxectivos deste convenio.
- Certificación expedida polo órgano competente do Consello Galego dos Procuradores dos Tribunais, dos gastos obxecto de financiación polo presente convenio, con identificación dos documentos xustificativos, os importes e, de ser o caso, as datas de pagamento.
- Orixinais das facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, incorporados na relación á que se fai referencia no parágrafo anterior e a documentación acreditativa do pagamento. Os xustificantes orixinais presentados marcaranse cun selo para os efectos previstos no artigo 49 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.
- Cando formen parte da conta xustificativa documentos de gastos que conleven ingresos a conta do IRPF ou cotas por seguros sociais liquidables con posterioridade á data de xustificación, o importe destes ingresos ou cotas considerárase xustificado coa presentación do documento de gasto (factura ou documento equivalente) no que se reflicta o importe da retención ou cotización devengadas na data de xustificación, quedando a entidade obrigada a presentar os documentos acreditativos da súa liquidez nos dez días seguintes ao remate dos prazos legalmente establecidos para o seu ingreso no período voluntario; en todo caso a dita presentación terá como data límite o derradeiro día do mes seguinte ao último trimestre do exercicio da vixencia deste convenio.
- Relación de axudas para a mesma finalidade procedentes das distintas administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais.
- Declaración responsable de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da comunidade autónoma ou ben as certificacións acreditativas de estar ao día no cumprimento das ditas obrigas.

A xustificación comprenderá os gastos realizados e pagados desde o 1 de xaneiro de 2020, e deberá



presentarse na Dirección Xeral de Xustiza con data límite 15 de decembro de 2020.

SEXTA. Compatibilidade con outras axudas

De acordo co disposto no artigo 40.1.d), do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a achega económica prevista no presente convenio será compatible con outras subvencións, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

Con anterioridade á xustificación da execución da actividade o Consello Galego dos Procuradores dos Tribunais presentará unha declaración do conxunto de axudas solicitadas –tanto das aprobadas ou concedidas coma das pendentes de resolución– para un mesmo proxecto das distintas administracións públicas competentes ou das súas entidades vinculadas ou dependentes.

Procederá o reintegro parcial ou total dos fondos percibidos no suposto de incumprimento das condicións establecidas para a súa concesión nos termos previstos no título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Así mesmo, ao abeiro do disposto no artigo 14.1.n) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os criterios de gradación dos posibles incumprimentos para determinar a cantidade a minorar serán os seguintes:

- a) O incumprimento total dos fins para os que se concedeu a axuda, da realización dos gastos subvencionables ou da obriga de xustificación dará lugar á perda do dereito ao cobro ou, de ser o caso, ao reintegro da totalidade da axuda concedida.
- b) Calquera outro incumprimento parcial dos fins para os que se concedeu a axuda, da realización parcial do investimento subvencionable ou da obriga de xustificación considerárase incumprimento parcial e dará lugar á perda do dereito ao cobro ou, de ser o caso, á perda do dereito ao cobro na porcentaxe correspondente ao investimento non efectuado ou non xustificado.

No caso de que se produza un exceso das subvencións percibidas de distintas administracións públicas, o Consello Galego dos Procuradores dos Tribunais deberá reintegrar o exceso e mais os xuros de mora, nos termos que establece o artigo 23 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

SÉTIMA.- Publicidade e confidencialidade

Este convenio será obxecto de publicación, de acordo co previsto na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno da Administración pública galega. Así mesmo, incluírase no Rexistro Público de Axudas, Subvencións e Convenios, de conformidade co Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de



decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, e mais co artigo 16 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

En cumprimento do disposto nos artigos 18 e 20.8 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, comunicárase a subscripción deste convenio á Base de Datos Nacional de Subvencións, que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións.

As partes asinantes do convenio manifestan o seu consentimento para que os datos persoais que constan neste convenio, así como o resto das especificacións contidas no mesmo, poidan ser publicados no Portal de transparencia e Goberno aberto.

As partes asinantes virán obrigadas en materia de protección de datos a cumprir co Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos), e coas demais disposicións vixentes sobre a materia.

Igualmente comprométense a observar o establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, no que se refire ao acceso limitado aos propios interesados en relación cos documentos que conteñan datos referentes á intimidade das persoas.

OITAVA.- Efectos e vixencia do convenio.

A vixencia do presente convenio será a comprendida entre a súa sinatura e o 31 de decembro de 2020; non obstante, estenderá os seus efectos económicos dende o 1 de xaneiro de 2020. O prazo para a xustificación dos gastos non será posterior ó 15 de decembro de 2020, art. 45 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e poderá ser resolto polas seguintes causas:

- a) Pola denuncia de calquera das partes, formulada por escrito, con quince días de antelación.
- b) Polo incumprimento de calquera das cláusulas por unha das partes.
- c) Polo mutuo acordo

Toda alteración das condicións da subvención poderá dar lugar á modificación do presente convenio.

NOVENA.- Comisión de Seguimento.

Crearase unha comisión mixta de seguimento que estará formada por dous representantes da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e dous



representantes do Consello Galego dos Procuradores dos Tribunais, e reunírase como mínimo unha vez ao ano, e facultativamente canto se considere necesario a petición dalgunha das partes.

A comisión rexerase, en canto ao seu funcionamento, periodicidade das reunións e vinculación dos seus acordos, polo disposto no Capítulo II do Título Preliminar da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, que regula o funcionamento dos órganos colexiados.

DÉCIMA.- Natureza xurídica e resolución de controversias.

O presente convenio ten natureza xurídico-administrativa, estando excluído do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 en virtude do establecido no seu artigo 6.2.

O réxime xurídico deste convenio vén determinado polo establecido na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e demais normas de procedente aplicación.

As cuestións litixiosas xurdidas sobre a interpretación, execución, modificación, resolución e efectos que puidesen derivarse da aplicación do presente convenio deberán liquidarse de mutuo acordo das partes. Se non resultase posible alcanzar devandito acordo, as cuestións litixiosas serán de coñecemento e competencia da orde xurisdiccional Contenciosa-Administrativa, de conformidade co previsto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da devanditaxurisdición.

De conformidade con canto antecede, e en exercicio das atribucións de que son titulares os asinantes, subscriben por duplicado o presente no lugar e data anteriormente indicados

O Vicepresidente e Conselleiro de
Presidencia, Administracións Públicas e
Xustiza

Alfonso Rueda Valenzuela

O Presidente do Consello Galego dos
Procuradores dos Tribunais

Fernando González-Concheiro Álvarez